

Este diario realízoo semanalmente:

28/09/2009 a 02/10/2009

Como son dous grupos 1º ESOB e 1º ESOC cada un con 11 alumnos considerareino como un único grupo de 22 alumnos (o resto dos alumnos destes dous grupos van a agrupamentos flexibles).

As sesións das clases de matemáticas impártoas sempre nunha das aulas de informática.

Antes de comezar as clases preparei os ordenadores para que estivesen dispostos para que funcionasen coa conexión a Internet e en caso de fallo para traballar sen Internet coa primeira unidade didáctica de Descartes.

O primeiro día cubriron en quísaas inicial e a través da lousa dixital que hai na aula explíquelles como ía ser o método de traballo e como funcionaban as escenas coas que ían traballar.

En principio cada alumno traballa cun ordenador.

En xeral ao final da segunda sesión rematáronse de solucionar os problemas típicos: ler na pantalla, realizar as actividades das escenas, copiar no caderno os exercicios.

Os alumnos traballan a bo ritmo.

A primeira unidade: Os números enteiros

Como nesta semana soamente estiveron coas escenas da primeira unidade: os número enteiros, chegaron todos ao penúltimo apartado: a multiplicación de números enteiros.

Non xurdiron ningunha incidencia co hardware e o software utilizado nestas catro sesións.

Na cuarta sesión dúas alumnos levaron as dúas primeiras unidades para poder repasar e traballar na casa, como non teñen Internet na casa, cópielles as unidades para poder traballar e por se non tiñan nos seus ordenadores cópielles o programa de java e descartesweb para que os instalasen antes de empezar.

As miñas primeiras impresións son bastante favorables: atopeime que os alumnos mostran bastante interese, as sesións lles pasan moi rapidamente, as dúbidas mas consultan (moi poucas) e entre eles se adoitan preguntar algunha dúbida.

A semana que vén comezarán a resolver as follas de traballo.

05/10/2009 a 11/10/2009

Esta semana foi de 3 sesións, unha non houbo clase pois se foron a unha actividade de centro "Cinensino".

Non tivemos problemas cos ordenadores, nin coa conexión a Internet, ningunha das tres sesións.

Cando chegaron á escena correspondente ás propiedades da suma de números enteiros: interna, conmutativa, asociativa, elemento neutro e elemento simétrico; tiven que realizar unha explicación na lousa.

Na segunda sesión resolveron en clase a primeira folla de exercicios que correspondía principalmente á primeira parte da unidade, en xeral tivérona ben case todos, soamente un alumno fallo un exercicio sobre o valor absoluto, un par deles sobre a segunda parte da recta numérica.

Todos teñen a segunda folla de exercicios e algúns xa pediron a terceira folla, en principio non puxen días determinados para a resolución das follas.

O ritmo das escenas é moi parecido en case todos os alumnos (resalte que máis ou menos todos ten o mesmo nivel). Pois estou a traballar cos alumnos de dous grupos nos que existen agrupamentos flexibles.

12/10/2009 a 18/10/2009

Esta semana foi de 3 sesións, pois o luns 12 de outubro foi festivo, polo tanto día non lectivo.

Non tivemos problemas cos ordenadores, nin coa conexión a Internet, se puido traballar normalmente.

Algún alumno non comprendeu algunha das escenas, pero despois de ler o que pedían para resolvela non tivo problemas.

O venres estivemos a metade da sesión resolvendo na lousa os problemas formulados na folia 2, que resolveron na casa. Os exercicios da folia 2 corrixinos en clase a cada alumno e case todos o realizaron ben salvo dous alumnos que fallaron a metade dos exercicios e tiveron que repetir un par de escenas e volver facelos.

19/10/2009 a 25/10/2009

Esta semana foi de tres sesións co ordenador e unha de lousa pois non houbo electricidade no instituto.

Non tivemos problemas cos ordenadores, un día non tivemos conexión a Internet pola falta de electricidade o día anterior e tivemos que utilizar a parte de configuración cos arquivos de Descartes que están en cada ordenador.

As follas que se realizan na casa como complemento do tema, estounas a corrixir en clase a nivel individualizado, indicando aos alumnos e alumnas os erros que cometen.

26/10/2009 a 01/11/2009

Esta semana foi de catro sesións.

Non tivemos problemas nin de electricidade nin con Internet.

A partir do luns teño un alumno novo en 1º C, pois estaba no agrupamento e paso para a clase, ten un ordenador e parece que estes catro días avanza rápido comprendendo o tema, tiven que facer unha adaptación da unidade suprimindo algunha cuestión e axudándoo nas tres primeiras sesións para que fose máis rápida a adaptación.

Sigo en clase corrixindo individualmente os exercicios.

02/11/2009 a 08/11/2009

Esta semana foi de catro sesións.

Non tivemos problemas nin coa electricidade nin coa conexión a Internet.

Foron catro sesións nas que remataron o tema de números enteiros, realizáronse todos os exercicios das follas e algúns estiveron a repasar escenas xa vistas, pois o luns 9 de novembro temos a proba deste tema.

09/11/2009 a 15/11/2009

Esta semana foi especial. Na primeira sesión realizaron a proba da unidade de números enteiros. Nas outras tres sesións comezaron a segunda unidade, a correspondente a potencias, múltiplos, divisores, mcd e mcm. Nestas tres sesións estiveron co profesorado de garda pois eu estiven de baixa por gripe.

Non renderon igual que todos os días, pero polo menos non desaproveitaron o tempo. Non tiveron problemas cos ordenadores, nin con Internet.

16/11/2009 a 22/11/2009

Esta semana foi de catro sesións.

Non tivemos problemas nin coa electricidade nin coa conexión a Internet.

Estivemos a poñer a unidade en orde sobre todo o primeiro día despois da miña baixa. Rematou a primeira parte, a correspondente a potencias, coas dúas follas de exercicios feitas e corrixidas.

Un dos días tiven que volver copiar os arquivos e os accesos directos pois borraron de cinco ordenadores os devanditos arquivos outros alumnos do Instituto.

23/11/2009 a 29/11/2009

Na primeira sesión, tivemos a visita de José María coordinador do Cefore de Vigo, para a revisión do traballo que estamos a facer, os alumnos seguiron o seu ritmo.

Non tivemos problemas nin coa electricidade nin coa conexión a Internet.

Estiveron a traballar con divisibilidade e mcd e mcm, resolveron na casa a terceira e cuarta folla e en clase corrixíronse os exercicios e problemas

30/11/2009 a 06/12/2009

Última semana do curso correspondente, foi de catro sesións, a cuarta realizaron unha proba de avaliación deste tema.

Na terceira sesión realizaron a enquisa final e nas tres primeiras sesións estiveron repasando e comentando dúbidas sobre o temas para a avaliación do venres desta unidade.

Non tivemos problemas nin coa electricidade nin coa conexión a Internet.